



Tu material de deporte

Ksas

www.ksastm.com

Especialistas en Tenis de Mesa

XVII TORNEO INTERNACIONAL TENIS DE MESA MONTEPORREIRO

O Clube Tenis de Mesa Monte Porreiro introduce unha serie de novidades coa fin de millorar a participación e a preparación dos torneos de pretempada e co propósito de darlle un impulso o tenis de mesa galego, sendo o obxectivo principal que o desenrolo do torneo se convirta nunha festa, tanto de participación como de esforzo, e onde todos os nenos e nenas, independentemente do seu nivel, teñan opción a ser premiados.

- Normativa de aplicación xeral -

1) Data e local de xogo:

O XVII Torneo Internacional Tenis de Mesa Monte Porreiro disputarase no Pabillón Príncipe Felipe de Pontevedra os días 12 e 13 de setembro de 2015. Dirección: Av Montecelo 41 Pontevedra (coordenadas GPS 42°25'35.7"N 8°36'52.9"W)

2) Horarios e probas a disputar:

- **Sábado 12 de Setembro de 2015: de 09:00 a 21:00***
 - Prebenxamín Probas Masculina e Feminina: nados a partir do 01-01-2007
 - Benxamín Probas Masculina e Feminina: nados entre 01-01-2005 e 31-12-2006
 - Alevín Probas Masculina e Feminina: nados entre 01-01-2003 e 31-12-2004
 - Infantil Probas Masculina e Feminina: nados entre 01-01-2001 e 31-12-2002
 - Xuvenil Probas Masculina e Feminina: nados entre 01-01-1998 e 31-12-2000
 - Sub23 Probas Masculina e Feminina: nados entre 01-01-1993 e 31-12-1997
 - Veteráns Probas Masculina e Feminina: nados antes do 01-01-1976

- **Domingo 12 Setembro de 2015: de 09:00 a 21:00***
 - Categoría Absoluta Probas Masculina e Feminina

TODO-LOS XOGADORES INSCRITOS, DEBERÁN ESTAR EN POSESIÓN DA CORRESPONDENTE LICENZA FEDERATIVA.

* Os horarios son orientativos a falta dos listados de inscritos definitivos. A competición levarase a cabo de forma continua, sen parar ó mediodía, tentando sempre á hora de confeccionar os horarios de competición que os xogadores dispoñan dun tempo razoable para poder comer.

* Será necesaria a inscrición de, como mínimo, 8 xogadores/as nunha proba para que esta se dispute. De non chegarse a este mínimo, poderase facer unha proba mixta desa categoría de idade ou traspasar estes xogadores/as á categoría de idade inmediatamente superior.

3) Prazo e procedemento de Inscrición

O prazo de inscrición finalizará o 31 de agosto de 2015.

Os clubs galegos inscribíranse a través da web:
<http://formularios.fgtm.es/> empregando a súa clave de acceso.

Os restantes clubs españois e estranxeiros formalizarán a súa inscrición enviando un email a lasencasas@hotmail.com incluíndo datos de cada xogador inscrito co nome e apelidos, data de nacemento, nº de licenza e Club o que pertencen.

4) Sistema de competición:

O desenvolvemento do Torneo seguirá as indicacións incluídas na normativa do Circuito Galego. En todas as categorías haberá dúas fases. Unha primeira clasificatoria por grupos, sempre que as inscricións o permitan, e unha segunda eliminatoria directa. O xuíz árbitro determinará os postos a xogar.

A inscrición no campionato, implica a aceptación da normativa.

5) Arbitraxes:

Os partidos da 1ª Fase serán arbitrados polos propios xogadores/as. Na 2ª fase, ata semifinais, polos xogadores que queden eliminados. As semifinais e final de cada proba serán arbitrados por árbitros da organización.

6) Trofeos - **NOVIDADES**

- **Na xornada do sábado:**

Todos os participantes nas categorías prebenxamín e benxamín recibirán un agasallo coa súa correspondente medalla pola súa participación.

Os **CATRO** primeiros clasificados de cada proba recibirán un trofeo que será entregado ao final de cada xornada de competición na correspondente entrega de premios.

Ademáis, excepto na proba de veteráns (considerando a falta de financiación propia dos nenos), aos primeiros clasificados de cada proba recibirán un cheque regalo para consumir en Ksastm da seguinte forma:

- Alevín e infantil: 40 €

- Xuvenil e sub23: 50 €

De non chegarse ao mínimo de inscritos para a disputa dunha proba, a organización poderá entregar un trofeo ao primeiro clasificado da proba que non se disputou. Esta primeira posición **establecerase, se é posible, pola mellor clasificación dentro da proba disputada e, de existir igualdade, mediante a disputa dunha competición interna entre os implicados para determinar o gañador. Neste caso, o cheque regalo consistirá en:**

- Alevín e infantil 25 € e xuvenil e sub23 35 €

Por outra banda, para engadir outro tipo de premios que non sexan soamente pola clasificación e nivel dos xogadores, engadimos as seguintes novidades:

- **Premio ao xogador máis deportivo**

- **Premio ao millor punto**

- **Premio ao mais peque**

- **Premio ao xogador revelación**, que consistirá como principal criterio na evolución do xogador respecto a tempada anterior.

Os xogadores do TM Monte Porreiro non entrarán nestes premios, excepto ao Premio ao mais peque de ser o caso, e a súa adxudicación será determinada polos adestradores e responsables do Clube Tenis de Mesa Monte Porreiro. Ditos premios consistirán nun trofeo ou na entrega de material deportivo.

- **Na xornada do domingo:**

Os **TRES** primeiros clasificados de cada proba recibirán un trofeo que será entregado ao final de cada xornada de competición na correspondente entrega de premios.

Ademáis, os primeiros clasificados de cada proba recibirán un cheque regalo para consumir en Ksastm por valor de 120 €.

Nota importante:

- Os cheques serán por precios PVP excluíndose a marca Butterfly salvo existencias en textil.

7) SORTEO

O sábado porase a disposición dos asistentes rifas a 0,5 € para o sorteo dun **COFREVIP- 2 días na Cidade**, válido por una noite de hotel de 4* mais almorzo para disfrutar en mais de 200 hoteis repartidos por toda a xeografía nacional . O sorteo farase despois da entrega de trofeos e para poder entregarse terá que estar presente o portador da rifa premiada.

O domingo porase a disposición dos asistentes rifas ao mesmo precio para o sorteo dun **CHEQUE REGALO** valorado en 100 € na tenda deportiva **GOLEADA** de Pontevedra. O sorteo farase despois da entrega de trofeos e para poder entregarse terá que estar presente o portador da rifa premiada.

8) SERVICIO DE BAR

Tanto o sábado como o domingo teremos servizo de bar onde os asistentes poderán comer hamburguesas, perritos, bocadillos, empanada e tortilla a excelentes precios. Se todos colaboramos, todos nos beneficiamos.

